
Joseph Sheridan Le Fanu

Carmilla

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

I

Un primeiro susto

En Estiria, malia non sermos fidalgos, vivimos nun castelo, ou *schloss*. Neste recanto do mundo, uns ingresos modestos dan para moito. Unha renda anual dunhas oitocentas ou novecentas libras obra auténticos prodixios. No noso país, en cambio, malamente abastaría para térmonos por unha familia acomodada. O meu pai é inglés, e xa que logo tamén o meu apelido, aínda que endexamais puxen eu un pé en Inglaterra. De calquera maneira, aquí, neste solitario e primitivo lugar onde todo é tan marabillosamente barato, en honor á verdade debo dicir que non vexo de que modo amasar máis cartos había implicar para nós unhas comodidades materiais meirandes, ou sequera algún que outro luxo.

O meu proxenitor, tras servir nas filas do exército austríaco, xubilouse cunha pensión e algo de patrimonio, grazas ao cal adquiriu esta residencia feudal e mais o pequeno terreo que a circunda; unha bicoca, coma quen di.

Nada pode haber máis pintoresco ou retirado. O predio álzase sobre un suave promontorio rodeado

de bosque. O camiño, moi antigo e angosto, discorre por diante da súa ponte levadiza, que nunca se levanta, cun foso inzado de percas e cuxa superficie sucan os cisnes, obrigados a sortear os escuadróns de nenúfares que emerxen na tona da auga.

Impoñente como é, o *schloss* destaca pola súa fachada ateigada de grandes fiestras, así como polas torres e a capela gótica.

Do portón para fóra, chega un momento no que a foresta dá paso a un clareiro asimétrico e estrafalario; á dereita, atópase a ponte alta de estilo gótico que lle permite ao sendeiro sortear o serpeante regato, o cal se interna no máis profundo e fusco do arboredo. Xa dixen que se trata dun lugar senlleiro. Que cadaquén xulgue se me axusto á verdade.

Ao mirar atrás e avistar o camiño que decorre dende o portón, é posible apreciar que o bosque nos arredores do castelo se estende ao longo de quince millas cara á dereita e doce cara á esquerda. A localidade habitada máis próxima dista unhas sete millas inglesas nesta última dirección, a esquerda. O *schloss* habitado máis próximo, sexa cal for a súa vinculación histórica, é o do vello xeneral Spielsdorf, localizado a case vinte millas á dereita.

Se a describín como «a localidade habitada máis próxima» é porque, a tan só tres millas cara ao oeste, isto é, en dirección ao castelo do xeneral Spielsdorf, existe unha vila en ruínas, coa súa igrexa pequeneira e evocadora, sen o teito xa. A nave principal encerra as balorentas tumbas da orgullosa familia dos Karnstein, hoxe extinta, cuxos membros xacando posuíron o tamén esbandallado *château* que, fincado entre o mesto